

REAL ACADEMIA GALLEGA

DA ÉPICA NA GALICIA  
MEDIEVAL

DISCURSO DE INGRESO DE  
D. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE  
NA  
REAL ACADEMIA GALLEGA  
E RESPOSTA DE  
D. RAMÓN OTERO PEDRAYO



REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F 9433


Biblioteca

ARTES GRÁFICAS GALICIA, S. A.  
VIGO - 1973

REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F 9433

Biblioteca





DA ÉPICA NA GALICIA MEDIEVAL

DA EPICA NA GALICIA MEDIEVAL

Depósito Legal-VG. 198-1973

I.S.B.N. 84-600-5884-0

---

Impreso en Artes Gráficas Galicia, S. A. - Burgos, 96. VIGO.


REAL ACADEMIA GALLEGA

DA ÉPICA NA GALICIA  
MEDIEVAL

DISCURSO DE INGRESO DE  
D. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE  
NA  
REAL ACADEMIA GALLEGA  
E RESPOSTA DE  
D. RAMÓN OTERO PEDRAYO



ARTES GRÁFICAS GALICIA, S. A.  
VIGO - 1973





*O Profesor Filgueira Valverde foi recebido pola Academia na sesión extraordinaria celebrada na Universidade de Santiago de Compostela o 27 do mes de santiago do 1941.*

THE UNIVERSITY OF CHICAGO  
LIBRARY  
540 EAST 57TH STREET  
CHICAGO, ILL. 60637

DISCURSO  
DE  
D. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE

THE  
OF  
THE

Señores Académicos:

Inda non cumprira eu os dazaoitos anos e xa esta Real Academia dera xenerosa acollida a un traballiño meu nas páxinas do seu Boletín corporativo. Pouco despois, en 1925, era proclamado correspondente y agora, non somentes me facedes a honra de escollerme como membro de número se non que, pra mostraren meirande bondade, chamádesme a suceder ao meu mestre Don Casto Sampedro e Folgar. De certo sabedes que non son me-recente delo nin podó cos meus cativos saberes enchere o valdeiro que él deixóu. Sei ben que quixéchedes louvar deste xeito a sua memoria no que foi chamado ao seguimento da xeira que él encetou, no que recolleu con amor o seu herdo e quixo poñelo a proveito de todos, que, por deberlle tanto, poida falar dél neste ledo limiar, con afervoados acentos.

#### *SAMPEDRO FOLGAR E A SÚA OBRA*

Non me cega o recoñecimento. Coido que Sampedro é unha das figuras exemplares que, moi de longo en longo, danse na erudición para ben dos pobos, que nin sempre saben enxergar o seu valimento nin a fondura da súa laboura. Nada que dixese co amoroso coñecimento da súa Galicia foi alleo pra él. En todo mostróu un circio rigor porque nin a paixón pola súa terra nin a dedicación á boa vila pontevedresa poideron nunca embazar o seu servicio a verdade. Activo, crítico, teimoso, ríspeto e tenro á unha, razoador e intuitivo, sobranceiro en todos os cantos do cultivo do esprito, asombra cómo poido chegar, de seu, a abranguer tanta largacía e cómo soupo colmar o seu tempo en tantos traballos.

Nado en 1848, na leda Redondela, de xente fidalga avencellada á campía, viveu os primeiros anos en Moraña, na "Toxeiriña", cursóu logo nos Seminarios de Tuy, de Ourense e de Compostela; casi rematados, e ben, os estudos, trocounos polas leises, aprendeu música na Compostela dos anos setenta e veu afincarse



en Potevedra, onde o seu despacho foi axiña máis que bufete de esperto letrado, xuntoiro de homes de letras. Alí, sen mestres nin mentores, mais sempre en correspondencia cas máis esgrevias figuras do seu tempo, chegou con Macías ó cume da arqueoloxía galega; foi con él o mellor dos nosos epigrafistas; como Martínez Salazar e Pérez Costanti, un circio paleógrafo; traballou a etnografía e máis a historia, sin deixar de participar en concertos e sesións filarmónicas, ca mestría de un "virtuoso" do piano. Con xenial videncia comprendéu que era mester apanñar tódolos restos das vellas culturas, desde os petroglifos ás necrópolis, e adestróu a Enrique Campo pra que as catalogase; que a lírica do pobo ía esvaíndose como un recendo, e, con Víctor Said, apanñou o grande *Cancionero Musical de Galicia*. Soupo que chegaban días de traballar en xuntanza e fundou a Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra con Casal, Gorostola, Sobrino Rivas, Luis de la Riega, Lois, Castiñeiras...<sup>1</sup>.

Recolle moito, edita pouco, anónimo ou con anagrama. Os tres volúmens de "*Documentos, inscripciones, monumentos... para la Historia de Pontevedra*" (1896-1904) non levan a súa firma, pero espellan ben craro cómo aseñoreaba tódolos recantos da erudición. Os vellos ordeamentos do concello, as eirexas da vila, o nacente Museo da "Arqueolóxica" e, sobre todo, o Gremio de Mareantes, viven neses cobizados volúmens<sup>2</sup>.

Nas pedras das Ruínas de Santo Domingo, que el salvóu e soupo trocar en belido xardín e museo ben querido dos pontevedreses, poñeremos un poema epigráfico que escribiu Sánchez Cantón, onde se pregoe que estudióu "a música, os liñaxes, os gremios, os moimentos, e os camiños". Que estas verbas valgan pra anovar diante vos o que foi a súa obra, anque non poidan decirvos a fonda gratitude que pra él temos as xentes da vila á que servíu e os que recibimos tanto do seu maxisterio e dos fróitos do seu traballo.

### A VELLA ÉPICA GALEGA

Veleiquí o tema que escollín pra miña entrada na Academia. Coido que poida valer pra que os que hoxe traballen nos recantos menos coñecidos das nosas letras atopen novos vieiros. De certo Galicia é un pobo lírico, de longa tradición, cun arte enxebre e singular nos seus motivos, na súa expresión e na súa rítmica. Ningunha lírica do medievo románico mellora o número das nosas cancións; poucas poiden ter comparanza con ela na fondura do

<sup>1</sup> FILGUEIRA VALVERDE. *La Sociedad Arqueológica de Pontevedra*, "Faro de Vigo", 12 agosto, 1928.

<sup>2</sup> *Colección de Documentos / inscripciones, monumentos, extractos de manuscritos, tradiciones, noticias / para la Historia de Pontevedra. Publicanse por la Sociedad Arqueológica de Pontevedra*. Tres vols. I. 1896; II. s. f. III, 1904. Pontevedra.

sentimento e na gama dos seus xeitos expresivos. Merece esta sonda, como Castela a de “pobo épico” polas “gestas” e polo “romanceiro”. Non temos nós unha épica medieval coñecida; non perdura unha narrativa endereitada ás cumes da epopeya. Inda máis, o seu cultivo “de escarño e maldizer” revela unha actitude paródica, si queredes “esperpéntica”. Mais compre tamén dicir que non ten senso que un investigador de hoxe poida negar a aptitude da fala nos séculos medios pra a épica ou que coide que non puido existir ningunha mostra deste xénero. Tal cegueira é a mesma dos que negan ou descoñezan unha lírica castelán dende as orixens porque o galego chegou a ser lingua poética hispánica, fora dos marcos do seu propio herdoiro.

E non deixa de ser unha de tantas paradoxas da nosa erudición que, en tempos nos que privaba a idea monolítica de unha Galicia somentes lírica, ao percuraren o rasto dos moimentos primitivos, fosen xustamente as sofisticacións dos cantos épicos as que se aduxesen pra alomear as remotas fontes da fala. Lembra que un tomiño da primeira *Historia* que se escribiu das letras galegas, está adicado por enteiro a estas falsedades, todas elas narrativas, todas heroicas, todas reliquias de unha suposta épica, negada, en tanto se supoñían prototipos alleos pra as refendas de posibre raigaña galega:

#### A FALSA ÉPICA

Sería atraínte o rexistro crítico dos exempros de sofisticación épica. Háinos que son, de cheo, invencións tardeiras; háinos que, por seren feitos deturpando textos vellos, poden tere valor e merecen estudo, e non falla algún exempro, serodio, de moita siñificanza no seu contorno cultural.

De algunha destas mostras, como o canto do *Medulio* ou o poema da *Cava, a Canção de Gonçalo Hermínguez*, non é mester falar como non sexa en xeito de maldizer.

O primeiro publicouse en 1894, por Álvarez de la Braña, e somella invención feita no Bierzo, moi cercana a nós, que percura aparencias antergas con “esmaltes” latinistas: “peculio”, “intra”, “sunt”, “cum”, “fecimos”<sup>3</sup>.

Polo que di á “fabla” da *Perda de España*, aquel xenial intuitivo que era Sarmiento soupo desbotar a aportación que con ela fixeran á hestoria da épica medieval<sup>4</sup>. Dí Bell con sornomorna que o poema “era en verdade un prodixio, visto que se supoñía escrito no século VIII, e en oitava rima. Mais discreto que Horacio conservárase oculto ao mundo non nove senón no-

<sup>3</sup> ÁLVAREZ DE LA BRAÑA. *Galicia, León y Asturias*. Biblioteca Gallega, La Coruña, 1894.

<sup>4</sup> SARMIENTO, FR. MARTÍN. *Memorias para la Historia de la Poesía y Poetas Españoles*, Madrid, 1775, ap. 474 ss. págs. 206 ss.



vecentos anos!"<sup>5</sup>. Foi obra do XVII, editada por primeira vez por Leitão de Andrade no 1629 na súa miscelánea. "Seguida por Faria e Sousa e por Caramuel, pode estar en algún punto re feita sobre un romance de "Ouroana"<sup>6</sup>.

E somellante o que acontece ca *Canción do Figueiral*. Pódese saber ben como foi contrafeita por un dobre interés: xacobeo, os votos, e nobiliario, os Figueroas. Foi publicada por Brito (1609), creador, con seguranza, de un Egas Moniz Coelho, curmán do real e histórico troveiro, ca súa "fabla" épica, con "jitanjáfora" por mellores ("tinherabos não tinherabos"), que tivo boa fortuna crítica e foi antre nós considerada con seriedade diña de mellor causa. Mais do "Figueiral", compre decire que tamén está feito en col de un romance vello, auténtico, que foi recollido na casa de Rosalía de Castro, en Iria, a unha labrega de Melide. Alejandra comunicóuno a Sampedro. Os seis primeiros versos somellan tradicionaes:

"No figueiral, figueiredo, no figueiral, figueiredo, entréi atopéi a tres meniñas, tres doncellas atopéi.  
Das tres doncellas que había, todas tiñan que facer;  
a unha estaba a tallar, outra estaba a coser,  
outra sentada nun tallo lavándolle os pés ao Rei."

Nos seis seguintes asinálase o tema da doncela guerreira, pro a heroína, está persoalizada, individualmente:

"No figueiral, figueiredo, no figueiral, figueiredo, entréi  
—Señor, que veñen os mouros, señor eu qué les diréi?  
Se falan lingua d'Aravias na miña lles falaréi,  
anque son doncella nova, señor, valente seréi,  
e con esta miña espada cabezas eu cortaréi."

Véxase agora a refección do texto na *Monarchia Lusitana*<sup>7</sup>:

"No figueiral figueirédo, no figueiral entréy.  
Seis nenas encontrára, seis nenas encontréy.  
A Deos vos vayádes, Garzom, ca non sey,  
se onde me faládes, mais vos falarey,  
língua de Aravías eu as falarey,  
mouros se me vissem, eu os matarey.  
Troncóm desgallara, troncóm desgally,  
todos machucara, todos machuquey."

<sup>5</sup> BELL, AUBREY F. G. *A Literatura Portuguesa*, Coimbra, 1931, cap. II, pág. 81.

<sup>6</sup> LEITAO DE ANDRADE, MIGUEL. *Miscelánea*, Lisboa, 1629, diálogo decimosexto. FARIA E SOUSA, MANUEL. *Europa Portuguesa*, Lisboa, vol. 3.º, lib. IV, cáp. IX, ed. de 1680.

<sup>7</sup> BRITO, FR. BERNARDO DE. *Monarchia Lusitana*, Lisboa, 1609 p. II, lib. VI, cáp. I. O romance galego popularizado en *Cancionero Musical de Galicia* de Sampedro y Folgar, VII, n.º 191, pág. 127 ss., con nota nosa sobre a colleita. En prensa cando se escribe este discurso. Encol do carácter apócrifo do *Romance de Guesto Ansúrez* (sic.):

MICHAELIS DE VASCONCELLOS, C. *Romances Velhos en Portugal*, Coimbra, 1934, páx. 287 nota 1 e no *Grundriss*, páx. 165 n.º 6.



Dúas pezas tardías teñen fondo interés na hestoria da nosas letras. O *Pranto da Frouseira*, que nos testemuña, a un tempo, a glorificación popular do Mariscal ca xenreira aos servidores que o venderon, e cómo mantiñan os linaxes o apego ás vellas formas poéticas, se non tamén de qué xeito se valían das refendas, deica nos alegatos xurídicos, reconecendo a súa forza tradicional<sup>8</sup>.

Moito despois, outro feito tráxico, a queima de Cangas polos piratas a comenzos do XVII, xermolaría un cantar onde o paralelismo xoga o papel arcaizante<sup>9</sup>. Nesta mostra achamos un interés achegado ao que ollábamos na anterior, sequer agora en outro ambiente, o eclesiástico.

### COMPOSTELA NAS LENDAS CAROLINXIAS

Anque non perduren “gestas” galegas, anque endexamáis as houbera habido, corresponderíalle a Galicia, “corazón palpitantísimo” do medievo, un posto impar no desenrolo da épica na Romanía. O camiño de Sant-Iago foi o seu camiño. Moitos foron os poemas que se teceron e se espallaron nel. O seu longo, coma dí Menéndez Pidal<sup>10</sup>, acharon ouvintes moi dispostos: “Porque ese camino, entrando en España por Roncesvalles, lugar ya de suyo épico, atravesaba los Reinos de Navarra y de Castilla, cruzando importantes poblaciones en que había barrios enteros habitados por emigrantes franceses...”. De Roncesvalles a Compostela... Da *Chanson de Roland*, (que no século XIII era tan familiar aos que escoitaban troveiros na Galicia ou en Portugal como pra que gostasen de contrafeituuras e parodias) a ese froito franco-compostelán que é o *Pseudo Turpín*. Deste xeito, sen termos cantos heroicos na nosa fala, soupemos dar lentura aos que soergueron as fazañas do Imperante. Neles a visión do Apóstolo a sinalarlle nos ceos un camiño de estrelas pra que libertase o que na terra levaba pra o seu sartego, a tomada de Pamplona; a vinda do propio Carlomaño a chantar no noso mar a súa lanza; a dote da eirexa de Santiago co ouro dos ídolos anterigos; Compostela, corte carlinxia; o retorno, a traición de Ganelón; a morte de Roldán; a do Emperador, e o seu xuicio cando un galego descabezado pon na balanza todo o bon “obradoiro” das súas arquitecturas relixiosas...<sup>11</sup>.

Dos fontáns da *Chansón* e do *Turpín* xurdirían como catro ríos “cabdales” o *Roncesvalles*, a *Pelerinage de Charlemagne*, o *Galiens*, o *Anséis de Cartage*... E máis “gestas”, cantos latinos,

<sup>8</sup> VILLA-AMIL Y CASTRO. *El Mariscal Pardo de Ceta*, “Galicia Diplomática”, 1888, III, páxs. 289 ss. Dela recolleron LA IGLESIA e VICETTO. Temos unha versión en ms. con variantes.

<sup>9</sup> MURGUÍA, M. *Poesía Popular Gallega*, in “Iustración Gallega y Asturiana”, t. III, páx. 17.

<sup>10</sup> MENÉNDEZ PIDAL, R. *Poesía Juglaresca y Juglares*, págs. 133 ss.

<sup>11</sup> *Codex Calistinus*, Liber IV, cáp. XXII.

crónicas, romances, novelas “de caballerías”, dramática, o poema heroico... “Sin Compostela (teño escrito) nin houberan frorecido as lanzas, nin se houbese quebrado a Durandal”. Sin Compostela...!

### A OUTRA XOGRARÍA

No espallamento destes cantos moito xogóu o ir e vir dos xograres. A sabencia de dona Carolina Michäelis e de don Ramón Menéndez Pidal, adentróunos no mundo dos trovadores e da xograría de xeito que moitos soméllannos vellos coñecidos. Sábese, cada día máis, daqueles que cantaban, por cobrar dons, versos alleos. Pro inda temos outra escura xenia de cantores que espallaban refendas por conta de outros. Son os “ichacorvos”. Sin eles, mal comprenderíamos como se espallaron as vidas e milagres dos santos, por interés dos lugares mesmos onde eran venerados.

Sabemos ben cómo as liñaxes, por fachenda, por xenreira, pra xustificar feitos dos seus antergos ou pra acadar sona e valimento, pagaban soldada aos xograres que difundisen a crónica rimada das sus alcuñas. Mais, temos probas tamén de que as eirexas facían o mesmo, arrendando a “recuesta das esmolas”. Era un mester “sen pecado”, unha apoloxética edificante que chamaba a visita dos santuarios.

A carón da lectura de refectorio (coidamos no *Calixtino* como disposto pra seren lido a monxes, escolares e hóspedes), habería o que se dispuña pra seren pregoado nos adros, nas rúas, nas prazas... Na documentación galega, somentes coñezo pregadores a soldo na eirexa de Tuy. Son mencións moi tardías. No século XV, os arrendadores das esmolas (chamábanlle “a demanda e uesta do Corpo Santo” e as verbas teñen un recendo artúrico) comprometíanse a poñer “predicadores que prediquen os millagros e maravillas que por méritos de este santo corpo Noso Señor Deus fez en o mar e en na terra” (1463). Nos protocolos tudenses, revisados por Galindo na súa xurdia estadía compostelán, consta o nome de “ichacorvos” e coido que non serían cregos nin frades, senón axentes leigos con disposicións pra contar e cantar a vida e os milagres do que fora confesor de San Fernando no Real de Sevilla, onde tantos galegos exerceran as súas artes <sup>12</sup>.

Os datos tudenses, aunque serodios, valen ben pra amostrármonos como se faría a difusión de moitos relatos, entre eles, os que inzaron dende a Compostela do *Calixtino*.

<sup>12</sup> GALINDO ROMEO, PASCUAL. *Tuy en la Baja Edad Media*, Santiago, 1923.



## AS CONXETURAS: OS CANTARES DE ALFONSO IV E ALFONSO XI

Tamén, lonxe dos eidos da sofistificación, temos algúns supostos con alicerces recoñecidos. Son os que se refiren aos *Cantares* do tempo de Alfonso XI. Tres autores distintos conservaron as únicas dez copras que coñecemos do poema de Afonso Giráldez que narraría a Batalla do Salado (1340). Nove delas foron recollidas por Antonio Brandão en lugares distintos da *Monarchia Lusitana*, outra por Cardoso no seu *Agiologio*<sup>13</sup>. O bastante pra poder aseverar que existíu un Cantar de Alfonso IV e inda pra facer supor a Th. Braga que o *Poema de Alfonso XI* fora tradución castelán dun orixinal portugués<sup>14</sup>.

Non correspondéndose os ángulos de visión, nin os textos, (pois ningunha copra das de Giráldez coincide cas do poema) mal poderá probarse que a “gesta” sexa a mesma, anque teñan tema común e afinidades de época.

Pro antramentres, os galeguismos notorios do *Poema* castelán, o mesmo apelido de Rodrigo Yáñez (Eans) rimador da Crónica, e inda as súas verbas, cando dí que o notóu “en language castellano”, fixeron coidar que estivese inicialmente escrito na nosa fala e por autor galego ou leonés que cultivase o galego dos Cancioneiros, ou por un portugués desnaturado da súa terra. A primeira posibilidade foi defendida por Cornu e Carré; as outras dúas por Carolina Michäelis. Tamén Don Ramón Menéndez Pidal espuxo sucesivamente dúas tesis: “obra de un literato leonés o de un gallego poco conoecedor del lenguaje castellano en que pretendía escribir”<sup>15</sup>.

Mais deixando os eidos dos supostos, compre que tornemos ás realidades.

### A ÉPICA NOS CANCIONEIROS

E nas grandes compilacións da nosa lírica no medievo, onde imos atopar, por vía de remedo, mostras ben vivas dunha épica “escarniña”.

A máis importante destas mostras débese a Don Alfonso López de Bayam, nobre principal da Corte de Alfonso III de Por-

<sup>13</sup> BRANDAO, FR. A. *Monarchia Lusitana*, P. V. Lib. VI, cáp. XIII y P. VI. Lib. XVIII, cáps. V y XXXII.

CARDOSO, J. *Agiologio Lusitano*, Lib. I, págs. 328.

<sup>14</sup> BRAGA, TH. *Curso de Historia da Literatura Portuguesa*, 1885, págs. 94 ss.

<sup>15</sup> AMADOR DE LOS RÍOS, J. *Nota presentada a la Real Academia de la Historia sobre el autor de la Crónica y el Poema de Alfonso XI*, Madrid, 1866.

MENÉNDEZ Y PELAYO, M. *Antología de Poetas Líricos*, T. I. e *Historia de la Poesía castellana en la Edad Media*, I.

MICHAELIS DE VASCONCELLOS, C. *Grundriss*, II, cit. y *Romances Velhos em Portugal*, páx. 288.

CARRÉ ALDAO, E. *Influencias de la Literatura Gallega en la Castellana*, p. 214 (contén a nota compartiva que lle tiña facilitado Cornu).

MENÉNDEZ PIDAL, R. *Elena y María*, en RFE. I, 1914, pág. 92 y *Poesía Juglarresca*, 1924, pág. 383.

tugal, cicáis gobernador das terras de Sousa, antre o 1253 e o 1277, e da comarca de Riva Miño. Foi escrita pra denostar a un rico-homen feito a presa, nobiliarado como premio pola adhesión da súas xentes ao boloñés. Bayam é un Valle Inclán do século XIII que degrada nada menos que a *Chanson de Roland* pra escarño do infanzón e do seu pai. O trovador achou o modelo nun trecho do poema fancés (v. 96 ss.) onde se conta o xuntoiro dos franceses diante Carlomaño. Emprega o metro épico, irregular, de dez a doce sílabas, en tiradas monorrimas, separadas polo berro "Eoi". Porque o "Aoi" da *Chanson* trocariase na facecia como na apoiatura de unha celeuma de canteiros. Don Belpello (Don Volpiño, Don Raposo) fai o papel de Imperante, asentado non nun verxel senón na eira da Casa da Orden en Longos e recibe aos vasallos que irá apresentar logo a Alfonso III. Por Roland, Olivier, o duque Sansón o bravo Anséis, o gonfaloneiro do Rei Geoffroy d'Anjou, e Gérin e Gérier... dán-senos eiquí Martín de Farazón, Joán Araña, co seu Alferes Joán de Froián, que somella un saión, Pedro Ferreira, que leva por lanza unha pola de cerdeira... O de Briteiros recíbeos e preguntalles por outros cabaleiros con alcumes escarniños: Pachacho, Don Cabreira, Men Sapo, Lopo Gato...<sup>16</sup> Veleiquí o escomenzo:

"Sedía xi Don Belpelho en ua sa maisón  
que chaman Longos, ond'eles todos son;  
por porta lh'entra Martín de Farazón,  
escud'o colo en que sev'un capón  
que foi ja poleir'en outra sazón;  
caval'agudo que semelha forón,  
en cima dél un velho selegón,  
sen estrebeiras e con roto bardón  
nen porta loriga, nen porta lorigón,  
nen geolheiras, quaes de ferro son,  
mais trax perponto roto sen algodón,  
e coberturas dun velho zarelhón,  
lança de pinh'e de bragal o pendón,  
chapel de ferro que xi lhi mui mal pon;  
e sobraçad'un velho espadarrón;  
cuitel'a cachas, cintas sen farcilhón,  
dúas esporas destras ca seestras non son,  
maça de fuste que lhi pende do arçón.  
A Don Belpelho moveu esta razón:

<sup>16</sup> C. V. 1080; C. B. 1470.

MICHAELIS, c. *Em volta de Sancho II*, "Lusitania", II, 1924.

NUNES, J. J. *Crestomatia Arcaica*, 2.<sup>a</sup> ed., páx. 392 s.

A cantiga leva un rótulo previo que di: "Aaqui sse começa a gesta que fez don Affonso López a don Meendo e a seus vassalos, de maldizer".



—Ai, meu senhor, assí Deus vos perdón,  
¿u é Joan Aranha, o voso compañón,  
e voss alférez que vos ten o pendón?  
Se é aquí, saia desta maisón,  
ca ja os outros todos en Basto son.  
Eoi.”

A parodia leva unha cantiga “esparsa” que non sempre se cita cando se fala neste anaco épico burlesco e que confirma o contido da “gesta”, pra remataren cun adaxio ou “verbo antigo”, popular:

“Qual ricomen tal vassalo,  
qual concelho tal campana”<sup>17</sup>.

O crego santiagués Airas Nunes deixóunos dúas refendas de maldizer: unha refírese a un rapto feito en Redondela, tema da pequena historia local. Coido que a muller sexa a sobriña do Arcebispo Arias, Doña Sancha Rodrigues de Segamondi, e o mozo, o seu parente Gonzalo Fernandes de Gallinato:

“O meu senhor o Bispo na Redondela un día,  
de noite con gran medo de desonra fogía;  
eu, índome aguisando por ir con él mía vía,  
achéi ùa compañã assaz brava e crúa,  
que me deron logo de cima da mía múa:  
azemela e cama leváronna por súa...”<sup>18</sup>

A outra xesta de Airas Nunes, demasiado distante no tempo da anterior, fálanos do desafío que os infantés de la Cerda fixeron a Sancho IV. Estará polo tanto datada no 1289. Chamóuse impropriamente “Romance de D. Vela”. E como un sirventés de tema histórico, escrito en trísticos monorrimos integrándose nos segundos o refrán, ao xeito que atopamos nas Cantigas alfonsíes. Tamén temos eiquí irregularidades métricas en torno ao dodecasílabo épico:

“Desfiar enviaron ora de Tudela  
fillos de don Fernando al Rey de Castela;  
e disse el rey logo: “Ide alá, don Vela,  
desafiade e mostrade por mín esta razón:  
*se quiseren por tallo do reino de León,  
fillen por en Navarra ou o reino de Aragón.*”  
Aínda lle fazedo outra pleitesía,  
darlhes ei por tallo quanto ei en Galicia  
e aquesto lles faço por partir porfía.

<sup>17</sup> C. V. 1082, C. B. 1471 b.

<sup>18</sup> C. V. 883; C. B. 468.

E faço grave dito, ca meus sobriños son,  
*se quiseren per tallo do reino de León,*  
*fillen por en Navarra ou o reino de Aragón.*  
 E veed ora, amigos, se prendéu engano;  
 e fazede de guisa que ja, sen meu dano,  
 outórguea por mí e por eles don Gastón  
*se quiseren por tallo do reino de León,*  
*fillen por en Navarra ou o reino de Aragón* <sup>19</sup>.

Outro exemplo do mesmo xénero débese a Joan Soares de Pavia. Está escrita contra o rey de Navarra. Encol da su data temos opinións contrarias. López Aydillo fixouna no 1196, despois da derrota de Alarcos, como acusación da culpa que nela tivera Sancho o Forte ca súa tardía e ineficaz axuda <sup>20</sup>. Dona Carolina Michäelis <sup>21</sup>, coida que foi escrito antre 1212 e 1234, anque tamén contra o rey que uns chamaron "Forte", outros, "Prudente", e que xa estaría "Encerrado", tras do cancro que sofria:

"Ora faz ost'o senhor de Navarra,  
 pois en Proenç'est El Rei d'Aragón;  
 non lhan medo de pico nen de marra  
 Tarraçona, pero vezinhos son;  
 nen han medo de lhis poer boçón  
 e riirs'han muit Endurra e Darra;  
 mais, se Deus traj'o senhor de Monçón,  
 ben mi cuid'eu que a cunca lhis barra..." <sup>22</sup>

Inda outras dúas sátiras, hestórica unha, doméstica outra, que lembran no Cancioneiro as formas épicas. A primeira, é a Cantiga de refrán de Diego Pecezello, un segrer que se xunta aos trovadores que burlaban a entrega dos castelos ao Boloñés:

Meu senhor Arcebispo, and'eu escomungado,  
 porque fiz lealdade; enganhoum'o pecado..." <sup>23</sup>

Na outra, que ten ambiente familiar, Afonso Soares fai escarño, moi acedo, do casamento de Tareixa López con Pedro Mariño: ela non sabemos si o quere máis neno ou menos home ("maninho").

<sup>19</sup> C. V. 466; C. B. 883. MICHAELIS, c. *Randglossen*, XII, páx. 211 ss.

<sup>20</sup> LÓPEZ AYDILLO, E. *Los Cancioneros Gallego-portugueses como fuentes históricas*, New York-París, 1923, páx. 37.

<sup>21</sup> MICHAELIS, c. *Randglossen*, XII, páxs. 211 ss.

<sup>22</sup> C. V. 937; C. B. 1330 bis. MICHAELIS, *Randglossen XI y Cancioneiro da Ajuda*, II, páx. 566.

<sup>23</sup> C. V. 322; C. B. 721, NUNES. *Crestomatia Arcaica*, 2.<sup>a</sup> 399.



“Por en Tareija Lópes non quer Pero Mariño,  
pois x’el é mancebo quer x’ela máis maninho,  
non casará con ele nen pelos seus dinheiros  
e esto saben donas e saben cabaleiros...”<sup>24</sup>

A mesma apelación aos ouvintes ten un percurado ambiente épico, distorsionado no ámbito do maldizer.

#### AS CANTIGAS DE SANTA MARÍA

A nosa fala ten todo un tesouro lírico narrativo nas Cántigas alfonsies. Coido que poucos moimentos da literatura europea medieval poden ofrecérmonos un meirande acervo de relatos unha fala máis viva, onde os recursos coloquiaes axúntanse a mestría trovadoresca e o decir do pobo entra, a regos, polas abirtas da poética máis requintada.

Non é este o lugar onde teña de ser feito o comento do valor deste “mar de refendas”. Faremos somentes alusión á presenza de formas achegadas á épica románica do seu tempo.

Son moitas as *Cántigas de Santa María* que nos achegan á métrica das gestas. De certo é estrano que as series longas de versos alexandrinos cunha soia rima non aparezan nas narracións e sí no loor. Deste xeito o “conductus” da procesión da festa da Asunción (X, das da Virxe) ten todo o ar de unha “laisse” épica, anque o contido e o destiño sexan litúrxicos:

“Beeita es María, filla, madr’e criada  
de Deus teu Padr’e e Fillo, est’é cousa provada.  
Beeita foi a ora en que geerada  
fuste et a ta alma de Deus santivigada;  
e beeito o día en que pois fuste nada  
de Adám o pecado quita e perdoada;  
e beeitos os panos en que fuste envurullada...”

E, asomade, hastra chegar aos setenta e catro versos sen trocar de consoante.

Pro dentro das cantigas “de refenda”, danos parello ambiente a estrofa de cinco versos co mesmo consoante, seguida de refrán con trísticos tamén de unha rima:

“E desto vos quer’eu ora contar segund’a letra diz  
un mui gran miragre que fazer quis pola Emperatriz  
de Roma segund’eu contar oí per nome Beatriz,  
Santa María, a Madre de Deus ond’este cantar fiz  
que a guardou do mundo, que lle foy mal juiz  
e, do demo que, por tentar, a cuidóu vencer,  
Quen as coitas deste mundo ben quiser sofrer  
Santa María debe sempre ante sí pöer”<sup>25</sup>.

<sup>24</sup> C. V. 1155-1156; C. B. 1622.

<sup>25</sup> *Cántigas de Santa María*, C. V.

A cuaderna vía atópase, lídima, nun refrán, o da cantiga 369 E o verso máis longo nos estribos da métrica alfonsí:

*“Como Jesu-Christo fezo a San Pedro que pescasse  
un peixe en que achou ouro que por sí el peiteasse,  
outrossí fez sa Madre per tal maneira librase  
a húa moller mesquiña e de gran coita a tirase.”*

Ou nesta estrofa de dobre tetrástico:

*“Desto diréi un miragre que húa vegada  
demostrou a Santa María benaventurada  
por un Conde d’Alemaña que houve leixada  
sa terra e foi fazer en Portugal morada  
encima dúa hermidia preto da salgada  
auga do mar u cuidou vivir sen baralla.  
Quen aos servos da virgen de mal se traballa  
de lles facer non quer ela que esto ren valla”<sup>26</sup>*

Do emprego perfectísimo do alexandrino narrativo dan testemuña moitas das cantigas mariales. As combinacións ternarias monorrimas, máis curtas que a “cuaderna vía”, avencelladas aos refráns, de xeito que o primeiro troque de rima corresponda ao derradeiro verso da estrofa de catro, fan moito máis leve o ritmo que o do “mester” castelán.

As veces achéganse ao “cursus” épico, de xeito que a notación musical pode darnos cumprida idea do que poideron ser as melodías con que foron cantadas as xestas:

*“As missas oydas logo cabalgou,  
e ena carreira o conde achou,  
que ll’o braço destro no colo deitou  
dizendo: En bon ponto vos fui coñocer...  
Quen ben serv’a madre do que quis morrer  
por nós nunca pod’en vergoña caer.  
Ca se non fóssedes, juro par Deus  
que vençudos fóramos eu e os meus  
máis tantos matastes vos dos mouros seus  
del Rei Almançor que ss’ouve recreer.  
Quen ben serv’a madre do que quis morrer  
por nós nunca pod’en vergoña caer”<sup>27</sup>.*

Outra amostra do achegamento ao mester épico:

*“E corrian pelas portas da vila e quant’achaban*

<sup>26</sup> *Cantigas de Santa Maria*, C. XCV.

<sup>27</sup> *Cantigas de Santa Maria*, C. LXIII.



que fosse fora dos muros, todo por forza fillaban.  
E por end'os de Marrocos al Rei tal consello daban,  
que saísse da cidade con boa gent'e esleüda..."<sup>28</sup>.

Dentro da mesma feitura métrica, podemos atopar o dobre octosílabo como devanceiro dos romances e inda co sabor de romanceiro na fala:

"Na fronteira un castelo de mouros mui fort'avía  
que combateron crischãos que saían d'Açaría  
de Ucrés e de Calatrava con muita cavalaría  
e era í Don Affonso Télez ricome preçado..."<sup>29</sup>.

### O ROMANCEIRO

Non podemos deixar de facer eiquí unha referencia sequer breve ao Romanceiro. Comencemos cunha afirmación que a algúns somellará excesiva. Cicáis os primeiros romances que se recolleron nun códice, no século XV, fosen galegos, pois os tres descubertos por Rennert, antre as cancións de Xoan Rodríguez del Padrón, preceden na anotación aos de Carvajal, do *Cancioneiro de Stúñiga*. Son nada menos que as tres "perlas negras" da lírica narrativa castelán: *El Conde Arnaldos*, *Infantina* e *Rosaflorida*. Mais o que compre destacar é que estes ou outros romances poden ter berce galego. Dos douscentos que levo catalogados poden facerse, dende o punto de vista da fala, tres formales: casteláns, bilingües e puramente galegos. Deixando as mostras en que atopamos anacos en un e en outro idioma, podemos considerar como exempros do xeito de seren acollidos de cheo, en Galicia, en castelán: *La esposa infiel*, *Guiomar*, *Conde Alba*, *Gallarda*, *Blancaflor y Filomena*... En troques, son galegos de fala: *A morte de Valdoviños*, *Rosaflorida*, *Eu íbame para Francia*, *Albasnieves*, e cicáis *O cego andante*, *A lavandeira*, (que Menéndez Pidal entrocóu co "Kudrum"), *O laranxal do amor*... e o anaco orixinario e certo de *O Figueiral*<sup>30</sup>.

Temos romances con trazos xeográficamente galegos que poden valernos pra a localización, ao marxen da fala. Exempro, *Rosa fresca*:

"Quén volo dixo, señora, non vos dixo verdá, non,  
que eu nunca entréi en Castela nin en terras de León"<sup>31</sup>

<sup>28</sup> *Cántigas de Santa María*, C. CLXXXI.

<sup>29</sup> *Cántigas de Santa María*, C. CLV.

<sup>30</sup> Deica Murguía a erudición galega tivo moi esquecido o Romanceiro. Na *Historia de Galicia*, ed. 1865, páx. 256, coidaba, inda recollendo amostras, que non inzara na nosa terra. O "Catálogo" que recolleemos no Museo de Pontevedra chega xa ós douscentas romances.

<sup>31</sup> Museo de Pontevedra. Cat. do Rom.º. Materiales inéditos.

Outras notas enxebres podemos atopalas nas melodías, variadas, ricas, fermosísimas, recollidas por Sampedro, Arana, Torner e Bal, Castillo... Pero eu quixera máis que nada facer notar eiquí cómo o romance, metro de chaira, chega a axustarse aos xeitos da forma inmóvil galega no xogo dos paralelismos do "leixapren", e do refrán. Típico antre os romances paralelísticos norteños en castelán é o asturiano *Ay un galán de esta villa...*, letra pra cantar na "danza prima". Abondan as amostras galegas achegadas aos "cosautes": No *Seitor*, versión do tema de *Doña Inés y el Segador*:

"Miña nai mandóume á fonte á fonte do salgueiriño  
*ai, meu amor, á fonte do salgueiriño.*  
Mandóume lavar a ola *con flor de romeu florido*  
*ai, meu amor, con flor de romeu florido.*  
El Emperador de Roma *ten unha filla bastarda*  
*ai meu amor, ten unha filla bastarda.*  
Condes, duques a pretenden *caballeros de alta fama*  
*ai meu amor, caballeros de alta fama...*<sup>32</sup>

E inda máis curiosa a inversión do refrán en *O gato*:

Eu xunguín os meus boiciños  
*ai, miña vida!*  
e leveinos á arada  
*vida da i alma!*  
e no medio do camiño  
*ai, miña vida!*  
olvidóuseme á aguillada  
*vida da i alma!*  
Volvín á casa por ela  
*ai miña vida!*  
topéi a porta pechada  
*vida da i alma!*<sup>33</sup>

Estas peculiaridades e o achegamento dos acentos ao ritmo ternario proban mellor que outras que, a carón do romancero adoptado, tivo a nosa terra unha colleita propia nos eidos da máis fecunda lírica narrativa popularizada polo mundo ónde chegaron os homes e a cultura espallados dende as terras hispánicas.

<sup>32</sup> O *seitor* foi recollido, ca súa melodía, por SAMPEDRO FOLGAR en Cerponzóns, Pontevedra, (C. n.º 180). Ten paralelos na Montaña, en Cataluña, en Portugal e no Rom. xudeo-español.

<sup>33</sup> Dáse como canto de arada. X. PRADA recolleuno en Valdeorras ("Nós" A. VIII, 26, páx. 14, 1926) e SAMPEDRO en Marcón.



## REMATE

Non debemos pór remate a esta cabalgada polos vieiros da narrativa galega anerga, sen aludirmos á súa sorte nos tempos do sono das letras da nosa terra e dende o seu rexurdimento.

E obvio que, cando apenas se escribiu en galego, mal poido ter novo cultivo unha épica que se non conservou nin unha lírica narrativa que soio se mantiña nos beizos do pobo, pero que descoñecían os nosos literatos. Salvo algunha das sofisticacións de que falamos, pouco podíamos espigar. Nin é moito, asomade, o que aportaron ao poema erudito os escritores en castelán nados en Galicia, namentras no horizonte da poesía europea brillaba a impar epopeya lusiada por obra dun descendente de gallegos. Apenas a *Hesperoidea* de Fray Gerónimo Bermúdez, a *Neopolisea* de Trillo de Figueroa e, quizáves, o poema sobre as guerras de Flandes que garda o noso compañeiro Xavier Ozores Pedrosa no seu Pazo da Pastora.

Alabarados polos destiños líricos do idioma galego, os nosos escritores do século XIX apenas quixeron empregalo nas narracións poéticas. La Iglesia é unha das excepcións fronte á liña dos “poetas das baladas” que vai dende J. B. Amado, Rodríguez Seoane, Corzo, Segade... deica Amor Meilán e o mesmo Lamas Carvajal que reserva o castelán pras lendas.

Pondal e Curros propuxéronse positivamente, mais de xeito moi distinto, que a fala galega se exerce na épica. Os dous sentíronse chamados, mellor diríamos, inspirados a ela. Pondal coidou que lle cumpría o cruxol das oitavas reales e que lle aquecían os temas das máis outas ocasións que viran os séculos. Escolléu un tíduo crasicista, e as máis nobres i escorreitas formas. Cantou as Descobertas e o heroísmo na mar como Camoens, pro no mar verdagueriano, da *Atlántida*. Foron *Os Eoas* un titánico, un aristocrático anacronismo. E decimos foron, porque nin él os viu rematados, nin o que deixou poderemos velo ordeado nin dado á prensa, por moito entusiasmo que poñan os académicos que se fagan cargo delo. No seu ronsel, camiñaron Vaamonde Lores, Martelo Paumán...

A roita de Curros é ben distinta. De unha banda porque escolle a polimetría, o popularismo, a temática “de costumes”, nesa xoia da narrativa mariana que é *Virxe do Cristal*, de outra, pola invención á vez popular (“de pandeiro”), celticista e dantesca das triadas pra o escarño degradante do *Diviño Sainete*.

Inda temos a terceira vía, iniciada polo noso esgrevio compañeiro, Ramón Cabanillas, o máis outo poeta épico da Romanía nos nosos días. El soupo escoller o xeito de axuntar o celtismo bretón, a gloria do medievo e a relixiosidade das nosas tradicións eucarísticas: Lugo, o Cebreiro, o brasón do Reino... Escolleu o sonoro pareado alexandrino da doce Francia e do mo-

dernismo ruberiano, con leves insercións de arte menor ou de humanismo sáfico. E creóu as súas "sagas".

Os tres quixeron volverlle de novo a Galicia o que perdera en longos séculos de esquecemento ou facerlle o don do que endexamáis tivera. Os tres poideron decirlle ao morrer que deixaban "unha lingua de ouro". O idioma pra cuia "ilustración e defensa" foi fundada esta Academia. Ser acollido nela é como renovar un xuramento de fidelidade á fala e a canto ela representa. Que por sempre escoite Galicia o seu "materno rondel".

Teño dito.

DISCURSO  
DE  
D. RAMÓN OTERO PEDRAYO

THE UNIVERSITY OF CHICAGO  
DEPARTMENT OF CHEMISTRY  
5800 S. UNIVERSITY AVENUE  
CHICAGO, ILLINOIS 60637  
TEL: 773-936-3700

## DISCUSSION

THE RESULTS OF THIS STUDY



Señores Académicos:

Ningún mandado voso houbera podide ser, nin de lonxe, atal agasalleiro ao meu esprito como o de acollere no voso nome na Academia da fala e da cultura galega ao grande e mozo mestre nas nosas letras e noutras moitas máis, Don Xosé Fernando Filgueira Valverde. Maxino ledos os númenes dos petrucios chantadoiros dos alicerces diste fogar, pois as mans de Manuel Murguía o deixar a manceira do arado das decruás eruditas non dubidaba que rexas mans novas non o deixarían folgar e a lapa xusticieira de Curros acesa no amor da "céltiga musa —nada da Suevia nos lanzales peitos" e a certidume lembradoira e profética de Pondal, sabían que seu herdo e mandado, seu compromiso co inmorrente ser noso, terían ben logo mestres de faiscante e ben martelado saber, o tempo criadoiros e guieiros. Ferro e ouro, primixenios e de hoxe, locen na obra e no pensamento endereitado ao provir e o intimismo do noso compañeiro. Nos seus *Os nenos* como no *Cancioneiriño de Compostela* vociñas fresqueiras e novas aínda levirosamente medrosiñas de se ergueren, froliñas de canto, nas vagas cúpulas do mundo. A esperanza no futuro da nosa fala conmove maxinando como as verbas moles e tenras hánse voltar de seixo e carballo e de que xeito as mil e unha fontelas da cantiga popular sempre modulada nun membrare do tempo do neno, envolve, acariña, adurmiña a insomne vela da pedra ispirada de Santiago e trunfa ela, mo-ciña e tenra, apenas orballeira doncel, do longo e debrozado trono elexíaco das gárgolas penitentes e saloucantes. Elas son a épica da fadabilidade do decorrer. As cantigas, sempre, deitar de fontelas, novas, nacen co acento de troveiro do sol noviño xogando ledo e espertando as brumentas carballeiras... O escultor, tan bon viaxeiro e pilingrín como erudito, *A paisaxe no Cancioneiro da Vaticana* Filgueira Valverde, criado e profeso en escola e cráustro ideal de simpatía, é merecente do amor e agradecimento dos poetas vagabundos coma os ventos e como eles sementadores de ritmos e armoñosas florestas, e non menos dos

hourizontes e paisaxes da Galiza de cando os ousos madurecían como froitos de pomareiro á luzada e a Nosa Terra salmeante e labrega, pastora engaiolada nos misterios dos ermos e da noite, aguda e sutil na palabra das rúas, acollía, urna votiva, o río caudal das pilingrinaxes de mil polas. Pois terédevos decatado do fuxidio e da corrente do que semella máis conteste e fixo: as paisaxes. Trócanse non soio no latexar socesivo das sazóos. E que noso espírito bulidor, insadisfeito, vai máis aixiña na súa etérea condición do que as composicións das montañas no poente ou as foles das sebes do camiño rechouchiantes de paxaros. ¿Cánto nos pracería voltar ás sombras e reflexos, romores e silenzos do cemiterio da Adina cando Rosalía procuraba seu acougo? Pra ela mesma xa semellaba trocado á seguinte sazón. Na paisaxe, e cecáis no máis entranabre da Galiza, entéirase o sino escuro e duro formulado por Kierkegaard, da "Repetición". E Filgueira pra seu propio consóo e pra consóo dos lonxaos poetas do Canzoeiro procura o máis fuxidio e levían: o pranto dos arboredos do Sar, a gracia da praia loira e o medoño galgar das ondas arredor da ermida, das salaíantes ou riseiras confesiós de amor, o penedo orcelado amparadoiro da fonte espello dos cervos. Procura na follateira nova o oco do niño de un cantigar do século XIII, choutando por riba da arqueoloxía literaria e chega as máis sotís abrentes da poesía.

Temos lembrado un romor de augas baixo as páxinas de Filgueira Valverde. E neste agasalleiro feitizo outro cantar de augas, baril e familiar, nos agarda. Filgueira fixo a historia, precisa e amorosa, da pontevedresa *Fonte da Ferrería*. E como enteirar a historia de unha frol, de unha idea, dun grande e saudoso namoro. Na fonte da Ferrería canta, exprésase, salaia, rí, vive e chora a alma de Pontevedra. O chafarís expresa dun xeito perfecto a natureza da obra poética: a inspiración da auga sempre nova, deslumeada a cada sol, a cada noite medrosiña, collendo voce na dura materia traballada, salvada pola arte. Estaban gardadas pra Filgueira Valverde, ista e outras semellantes empresas. Como perigosas e ilustres aventuras pros cabaleiros andantes. E agora quixera diante de vos aproveitar a lembranza do cantar da fonte traguida por un vento amigo pra falar, pois é de xustiza e precisase no intento diste discurso do "pontevedrismo" de Filgueira. Sen por demás apretare os vencellos metafóricos hastra nun tempo máis retórico e non menos verdadeiro, poderíamos falar do "helenismo" do noso novo académico. Sempre foi ditoso e fidalgo o se embrullar no manto de procelas e lembranzas do "nostos" dos homéridas. Non soio gardado pra o mestre Xan do Guzmán, o que teimaba a facer á leda campía pontevedresa os ritmos no fondo numerosos e pitagóricos do mantuano. Filgueira veu ao seu tempo na dinastía dos apaixonados amadores da cidade do Lérez. Us, calados, iñorados, sadisfeitos con seu durmir e ensoar baixo as horas do relox da Pili-



grina e nelas bogantes pra espertar no peirao de unha nova mañá pontevedresa. Outros estimando, perda e pecado cada día e hora non empregados en esculcar no labourado arcaz do pasado da vila o vestido de noiva ou o aceiro enfurruxado, a carta de amor, probe e inmorrente folliña mucha, a conta do once-neiro, o louxao froito do mareante. A gracia, un pouco de mao-razga, da vila fáinos escolmar a comparanza da arquíña xeitosa, dos liños e acibiches, a do seo fresqueiro da mámoa gardadora dos ouros sempre recén nados. Filgueira, pontevedrés, de longas xineas, gusta de acariñar o acibiche das noites do esteiro —afloen no Lérez moitos ríos e fontes, ningunha delas iñorada no seu gosto e cantigar polo noso novo compañeiro— o os liños do luar e da escuma —il tamén bon mareante de roteiros, dino de poñer a pedra súa, a máis fermosa, no fastial votivo da Santa María. Ven á Academia no canto de Don Casto Sampedro e Folgar, pra quen o mundo, o seu mundo, era o dos vales e rías de Pontevedra, o mundo dos Grovios mensurado polos ronseles do mar azul e as hímnicas dos piñeiros, era un fermoso palimpsesto ou un ledó paisaxe de corrente sobre unha fondura de fartas veas e mineiros. Por elo foi o grande hermeuta e se lle descubriu a tenrura da pomba da leenda baixo as letras, e o apaixonado mineiro do pasado, sabidor do siñificado das pedras e dos ouros, das estaxes de cinzas do decorrido, do nacer dun ritmo de muiñeira. Dono da chave de tódalas ciencias históricas, disfrutando do labio de cada descubrimento non quixo compoñer un verdadeiro libro, temeroso de que a síntesis solar escurecera o faiscar de cada xoia. Impónse o nome e lembranza do P. M. Sarmiento. Non pouco do seu estilo de traballar foi o de Don Casto. Pro aquilo modelo de “erudición monacal” conforme a estimativa de Menéndez Pelayo, alentaba na celda na arelanza o tempo presocrático e medieval de gobernare a música das esferas e pescudar, conforme a exempros buonarrotescos, dende o hisopo das parés o ergueito cedro do Líbano. Cun pouco máis de gosto polas esencias, o P. Sarmiento houbera profesado nalgún estudo non lonxao ao de Leibnitz, pro seu optimismo poido desenrolar vivas raigañas na terra e no mar de Pontevedra, por il sentidas ca legría da criatura agradecida ao perfecto don e herdo do seu criador...

Sabe dende mociño Filgueira Valverde a arte, tamén non pouco sinfónica, de compoñer un libro, cas súas lucidías alamedas, e seus recantos misteriosos e lonxao pasar de veladas presencias. Como o doitísimo Sánchez Cantón. Na historia da Arte é o P. Flórez polo saber, a gozosa e calma maneira de traballo, a forteza e empraridade do camiñar. Niste senso traballa Filgueira Valverde estudos como os adicados a *San Lourenzo de Carboeiro*, leda soedá románica riba dun meandro do Deza, e a eirexa, feiticeira co engado do seu dubidar estilístico, de *Francelos*... Pro niste vieiro, o decatar-me do tempo curto dista res-



posta e da xuventude de Filgueira Valverde, prenda segura do pechamento de máis outas abóvedas, vóume cinguir, na confianza da vosa benevolencia, a soio dúas obras súas. Sen matinar delas, se non me cocería o pan no corpo, tratando de quen sabe enfornar con atal arte e honradeza.

Sobre *Lago González, arcebispo galego* peneira con amor e emoción súas milloras horas e recordos de estudante. Ben logo decatouse Filgueira como no ermo espiñento e presumido do vivir da tona inteleitoal da Galiza nos derradeiros do XIX e nos principiares do XX, a honra espiritual da Nosa Terra foi salva e ergueita polo esforzo de tres cregos de potente vontade e mente xenialmente ergueita. Os tres tiveron asento no Coro compostelán. Lago González o primeiro como prelado e por ben curto tempo. Apenas fará falla nomear os outros dous: Don Anxelo Amor Ruibal, Don Antonio López Ferreiro. Os tres amaron, cultivaron, gabaron a língoa de Rosalía. Como a súa e a máis fermosa das románicas, de tal xeito que ás vegadas no latín e no bon castelán dos tres Pais da Eirexa Galega de nestora trema un ar ledó e saudoso da língoa materna.

Tivo a fortuna Filgueira, no millor tempo de sementeira da súa idade de estudante, de ser amigo, compañeiro no lumioso das arelanzas, e na metódica, no progresivo feito espritoal, do Doctor tudense de máxicos e prodixiosos saberes e alma cristaiña de fontela aldeán choida e profesora no craustro das heroicas e sotís dedicacións do esprito. Amigo, compañeiro, ¿cal millor modo de sere alumno? Por iso as páxinas súas evocan o primeiro nacer dos pensamentos e a gracia, non sabemos en que degrau helénica ou medieval, de ir enxermolando e madurecendo os saberes do craro Arcebispo. No outro libro —a súa tesis do doutorado— co galbo erudito de comentare unha Cántiga esencial do Rei Sabio, ascende Filgueira a unha das máis fermosas torres de espranza ergueitas pola saudade nas praias onde as foulas, mensuradas e fadales, do noso tempo histórico escachan e fican esgrecidas, no engado, no prometido engado, de un intre de gozo ceibado en imaxe souril de eternidade. Eiquí temos *La Cantiga CIII. Noción del tiempo y gozo eterno en la narrativa medieval*, un dos poucos libros merecentes de seren compañeiros do asceta, do home de mundo, do mozo e do vello. Chama o libro de Filgueira, como o miragreiro paxaro, dende a umbría na luzada do estudioso ou no solpor pro camiñante. O fino e mesto aparello crítico non truba a pureza trasposta do canto e a levirosa intuición de divina liberdade de nos decatar ceibes da pesadume e afoga da cadea de aneis redondos do relox do tempo, fáinos alentare no éter, voar deica os orixens e os destiños, como unha pomba da fiestra a fonte, gostar do grolo dun minuto de pasaxe de nuben sobre o mar ou dun verso nos espellos da lembranza, ca mesma levedade da arelanza e adéus da enteira poesía galai-co-portuguesa frolecida nunha avelaneira docemente orballada.



Libro "clerc" e compañeiro, roseira de fastial románico franqueada á "lux perpetua". Ningunha filosofía e pouca poesía pura ou refrexada e pouca enaxenación musical, fai en nós a operación ceibadora, ciruxía divina, que fai a leenda do paxariño, "Regreso ao Paraíso", mostrada por Filgueira Valverde co amor, respecto e sabencia dun monxe amosando a chave da fonte das augas da vida. E non falemos do podente aparello erudito, fariña de saberes peneirada por Filgueira con crítica gozosa e trasposta en poesía... O numen do "úneco rei Sabio —que no trono de España tivo asento" —houbera feito a Filgueira o regalo dun reino novo dos Algarbes ou de unha Murcia de azahar, de esquencer a excelencia do millor regalo pro espírito do home moderno: a ilusión de se sentire liberdado das categorías kantianas de espazo e tempo.

Con íntima pesadume non falo de outras obras, pormesas e realidás do novo académico (súa fina dedicación profesoral regalía pras adolescencias pontevedresas que han vivire a língoa respirándoa como o ar de mañán, e a literatura como un recender de espíritos senlleiros e da floresta dos pobos) pois decorre o tempo e o fondo e fermoso discurso que temos sentido pide de seu o aprauso e o comentario. Os meus se tecen e decorren millor no silencio. No pasado da nosa Terra fíxonos o doutísimo mestre de Pontevedra sentir e galloupada épica e o folgar dos paladís. Tamén beberon nas fontelas amadas dos cervos, dos vagabundos poetas, das doniñas namoradas, os cabalos guerreiros e á súa beira, os hérois maxinaron Trebizondas e Catays... O ritmo épico dos caláicos inscritos nos exércitos de Hannibal tivo de ser contrastado co dos Suevos da loira cabeleira. Quen marcha, inda en pilingrinaxe, non pode fuxir de algús intres de pulo épico... ¿Cómo soaría o poema destemido, ben logo trocado no salaio afogado dos frotas, do rei Requiario? Suas bágoas de desrotado teñen xa un acento portugués. Noso Filgueira, engaiolado polo intimismo lírico da nosa xente, non esdesra a xentil arelanza de liberdade á luz da batalla e no fragor das tubas, princesas, frol de carne de muller non menos fermosas das que aprisoadas con sabios e sotís ñudos e cadeas de rosas na alma dos poetas. Pescuda noso amigo a faisca de lanza contra escudo, do "largo apasionato" de combate que poda gardar o poema ou o cantar contrafeito. O moi respetábele Frei Bernaldo Brito, embrullado en pergameos, formado na didáctica de miragres deslumeantes, de soar de escudos antigos pulsados polo vento da groria, debeu gozar infindo: unha miga alonxado do empaque de Alcobaça, ao sentir uns vellos labradores da Beira cantare o *Cantar do Figueiral*. Terían cavado toda a xornada e no solpor unha gotiña de led e lembradoiro viño portugués lles voltaría ás horas de nenos cando a boca sen feitío, máis amante ou terrible, da tradición lles cantigaba as loubanzas dos herois. Mais ¿deica onde na mente do erudito monxe chegaba o empeño de afirmación





das súas amantes premisas históricas, e a onde o gozo inocente, ouxetivo, do cantar?

Filgueira, ouvido educado na poesía das alboradas e as escarcas, tamén, sabe disfrutar co romance galego, no latín, belido e sen ordre, agromado como carballeira tallada da *Compostelana*, escuita ecoares de cantos e relatos épicos, con pular de remeros e aira nas velas, como nas gestas mariñas portuguesas. O discurso, ademáis de nos asegurare no disfruite de unha regalía literaria case esquencida, nos leva da man á pescuda do ser e arelanza dos poetas, de algús poetas amados. E si me pidirades cal é pra mín o pasaxe principal, eu dubidaría entre o emozoado tributo ás *Cantigas de Santa María* e o amor e sensitiva man ca que recolle na sebe frofida e na frolesta merliliana os romances, de bágoas e risas da *Rosaflorida* e *Eu íbame para Franza*... E neste intre dádemme licencia pra declarar meu sentir primeiro sobre o discurso de Filgueira, un cecáis ben pouco académico sentir: á forza e argumentación de cada probrema xúntanse e acéndense nun enxergar raiolante da nosa poesía, deica as *sagas* de Ramón Cabanillas onde o rebrilar de heroica espada arturiana do hourizonte oceánico de Arousa non esdeña de se casare ca ourilocente e páleda chama do albariño na copa do descanso. Poder de evocación millor sonador na prosa galega.

A nosa Academia nistas datas rexurde co ar de mañán estudosa que lle concede a mocidade, seréa, conteste, ispirada, de Filgueira Valverde e outros mestres novos. Faísca no abrete os luceiros. Na nova Galiza os novos escolmados polo interno esprito vixiante, lembradoiro da Nosa Terra, gardan a relixión dos mestres e con íntima lediza sinten na xiada do camiño petar o caxato dos Precusores. Non é ista a máis cativa, das súas virtús. Na fustalla das antergas colleitas durme e ensoa o viño das primeiras vendimas e, o descer sobre das novas frentes as somas dos petrucios arboredos, debrúzase ca seguranza da noite levián de ensoares. Na lumieira do seu estudo da *Cantiga CIII* pon Filgueira Valverde o nome de Antón Lousada Diéguez co enderezo dun epigrama latino traballado co amante degoiro da felicidade simbolizada no cantor paxariño dos ramos verdecentes do alén... Hoxe, señores académicos, a alegría das fontes de Pontevedra e a de tódalas as augas cantareiras, a de tódolos peitos "bós e xenerosos", enxergando en cales fidalgas mans fica unha porción de ouros celtas e vivente tradición, prenda e seguranza da inmortalidade de unha cultura ergueita na terra dos promontoiros botados a sulago no océano das descubertas, como cara ao futuro do trunfo derradeiro do esprito tende a mente arelante e saudosa e os fortes brazos.

ESTE DISCURSO  
"DA ÉPICA NA GALICIA MEDIEVAL",  
DE  
XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE,  
IMPRENTÓUSE  
NOS TALLERES TIPOGRÁFICOS DA  
EDITORIAL "ARTES GRÁFICAS GALICIA", DE VIGO,  
MERCÉ Á XENEROSA AXUDA DE  
DON ÁLVARO GIL VARELA,  
MEMBRO DE HONRA DA  
REAL ACADEMIA GALLEGA





9433